



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela  
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa  
do SLG

08-09-2008

## **O SLG rexelta firmar o Contrato Homologado da Pataca ao non especificar ningún prezo e supoñendo un documento ao servizo dos almacenistas**

Na tarde de hoxe, o Sindicato Labrego Galego vén de convocar unha assemblea informativa en Xinzo de Limia para trasladar os motivos polos cales rexeitamos firmar o Contrato Homologado da Pataca.

Ao igual que sucedeu o pasado venres durante a firma do Contrato Homologado da Castaña, **persoal da Consellaría do Medio Rural impediron o acceso ás instalacións onde se estaba a levar a cabo o asinamento de devandito documento.**

Perante desta situación, Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego trasladou aos medios congregados diante da Delegación da Consellaría do Medio Rural en Ourense as razóns do noso posicionamento.

O documento asinado hoxe consiste en poñernos diante aos labregos e labregas un contrato, neste caso para a pataca, SEN PREZO, o cal significa, unha vez máis, **plantexar medidas que están ao servizo dos almacenistas e industrias ao supoñer este documento unha carta branca na que estes impoñen o prezo.**

A Secretaria Xeral do SLG manifestou, así mesmo, non entender a posición das outras dúas organizacións agrarias –XXAA e UUAA- ao prestarse a defender intereses que van na contra das nosas explotacións.

Carme Freire manifestou tamén aos medios a “covardía” do conselleiro de medio rural, Alfredo Suárez Canal, ao trasladar na última hora o emprazamento onde se ía realizar a sinatura, prevista en Xinzo segundo o comunicado na derradeira Mesa da Pataca, e que foi trasladado no medio día de hoxe á Delegación de Ourense para

evitar dar explicacións das nefastas condicións que este contrato significa para os/as produtores/as, concentrados/as a esa hora en Xinzo.

Unha vez máis, afóndase na articulación de medidas para outros intereses económicos na contra dos labregos e labregas deste País: **Contrato Homologado para a pataca SEN PREZO e vendernos aos almacenistas, para que sexan eles quen unilateralmente deciden e impoñen as condicións económicas, co visto e prace da Consellaría.**

Moitas grazas pela súa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG,

TLF: 619 348 426